

Plougastel-Saintes

CASTELAO EN BRETAÑA



Landerneau (S. XVI)



Plougastel

104.
Loperec



Tremouze

GA 5925

CASTELAO EN BRETAÑA

Museo de Pontevedra

Do 29 de xullo ó 5 de setembro de 2004

COMISARIO

Xosé Carlos Valle Pérez
Director do Museo de Pontevedra

COORDINACIÓN

Fátima Cobo Rodríguez
Conservadora do Museo de Pontevedra

TEXTO DO CATÁLOGO

Xosé Carlos Valle Pérez

MONTAXE

Museo de Pontevedra

COORDINACIÓN EDITORIAL, DISEÑO E MAQUETACIÓN

M^a Ángela Comesaña Martínez

FOTOGRAFÍA

Xenaro Martínez Castro
Miguel Vidal

IMPRIME

Litosprint S.L.

D.L.

PO-196-04

ISBN

84-95632-20-9

© Museo de Pontevedra

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Rafael Louzán Abal

Presidente

José Juan Durán Hermida

Presidente da Comisión de Cultura

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Jesús Pérez Varela

Conselleiro

M^a del Carmen García Campelo

Directora Xeral de Promoción Cultural

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Miguel Anxo Fernández Lores

Alcalde

Luis Bará Torres

Concelleiro de Cultura

CAIXANOVA

Guillermo Alonso Jáudenes

Presidente

Julio Fernández Gayoso

Director Xeral

PROCEDENCIA DAS OBRAS

Museo de Pontevedra

Familia Castelao

Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento

Fundación Penzol

Arquivo Histórico Universitario. Santiago de Compostela

AGRADECIMENTOS

Familia Castelao
Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento
Fundación Penzol
Arquivo Histórico Universitario. Santiago de Compostela

Javier Baltar
Francisco Fernández del Riego
M^a Xosé Justo Fernández
Eduardo Pardo de Guevara y Valdés
Marián Vidal Fraile

PRESENTACIÓN



O Museo de Pontevedra, ó nacemento do cal contribuíu decidida e decisivamente, sendo membro moi activo do seu Patronato fundacional, é o maior depositario de obras, manuscritos e recordos de Alfonso R. Castelao. Uns proceden del mesmo ou dos seus familiares e achegados, outros foron entregados por amigos e benefactores, moitos, tamén, foron adquiridos pola propia institución, distinguida desde sempre, aínda que moi particularmente durante os últimos anos, pola organización ou participación en numerosas iniciativas tendentes a difundir o seu rigoroso traballo como artista, escritor e político.

A mostra á que fai referencia este catálogo, nunca abordada con carácter monográfico ata hoxe, non debe desligarse desa densa e fructífera secuencia. Nace coa intención de conmemorar, valorándoo no seu momento e tamén en función de posteriores propostas, un capítulo esencial na traxectoria vital e intelectual de Castelao: a estancia, entre maio e agosto de 1929, isto é, durante máis ou menos catro meses, nas terras de Bretaña, un país, que tantas similitudes ofrecía entón e ofrece aínda hoxe con Galicia, ó que se trasladou para estudar con paixón as súas cruces de pedra.

Como Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, creadora en 1927 do Museo ó que tan estreitamente estivo vinculado Castelao, non podo disimular a miña satisfacción pola preparación

desta exposición, unha mostra na que se recollen materiais de procedencias diversas -os máis, en calquera caso, pertencentes ó Centro pontevedrés- que será difícil volver a reunir. Entenderase, por iso, que explicito o meu agradecemento, en nome da Corporación Provincial, a tódalas persoas e institucións que co seu traballo, a cesión de fondos ou a colaboración económica fixeron posible que esta iniciativa chegase á súa culminación.

RAFAEL LOUZÁN ABAL

Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra

CASTELAO EN BRETAÑA



Moi a principios do mes de maio de 1929, sen que saibamos con exactitude en qué día¹, chegou Castelao a Bretaña (Francia), un finisterre atlántico, como Galicia, á que tanto se asemella en moitos aspectos². Vivirá alí, acompañado pola súa muller, Virxinia Pereira, durante algo menos de catro meses³. Descoñecemos, en calquera caso, a data precisa da súa partida⁴. Fronte a esta dúbida e á inicial, estamos moi ben informados, sen embargo, tanto das causas que motivaron o seu desprazamento ó noroeste francés como das tarefas que levou a cabo durante esa estancia. A analizar e ponderar unhas e outras está dedicado este texto.

A orixe da viaxe de Castelao a Bretaña hai que remontala ó momento no que ingresa no *Seminario de Estudos Galegos*. Esta institución, da que é elixido membro o 3 de novembro de 1923⁵, isto é, pouco tempo despois da súa fundación, acaecida o 12 de outubro⁶, tiña como obxectivos básicos, segundo se fai constar nos seus estatutos, “o estudo de todas as manifestacións da cultura galega”, tendendo á “formación de investigadores e [á] divulgación do resultado dos [seus] traballos”⁷.

Como recoñece Castelao nas *Verbas limiares* do seu monumental libro *As cruces de pedra na Galiza*⁸, a recepción no *Seminario*, organis-

mo que aglutinaba ó mellor da intelectualidade comprometida con Galicia, obrigouno a buscar un tema de investigación que o fixese digno merecedor da distinción que se lle outorgaba⁹. Sensibilizado, como artista que era, ante o valor da arte popular, aprecio que se reafirma no transcurso da viaxe que durante gran parte do ano 1921 realiza por Francia, Bélxica e Alemaña¹⁰, optará por centrar os seus esforzos no estudio dos cruceiros (pouco a pouco o interese irase estendendo ás cruces pétreas en xeral), un capítulo fundamental do noso patrimonio histórico-artístico, consubstancial á nosa paisaxe física e espiritual, ata entón insuficientemente considerado (con frecuencia, incluso, marxinado e mesmo desdeñado)¹¹.

O contacto coas cruces de pedra e as súas particularidades, asumidas xa como obxectos de investigación, fixo ver a Castelao a necesidade de analizar con detalle as emprazadas noutras latitudes, singularmente en terras bretonas. Non bastaba para iso, sen embargo, con recibir información bibliográfica¹². Era preciso tamén dispoñer




de datos referenciais de primeira man, produto do enfrontamento / exame directo das obras. Unha trágica circunstancia familiar, o falecemento, ós catorce anos, do seu único fillo, Alfonso, producido o 3 de xaneiro de 1928¹³, acabará propiciando ou, se se quere, precipitando a viaxe ás terras de Bretaña. En efecto, a crise anímica en que tal suceso sumiu a

Virxinia Pereira acompañou ó seu home na viaxe a Bretaña.

Castelao e á súa dona suxeriu ós seus máis íntimos amigos a conveniencia de apartalos do seu entorno habitual, das súas preocupacións máis cotiás, durante algún tempo¹⁴. Serán eses mesmos achegados (Sánchez Cantón, Losada Diéguez, López Suárez, etc.) quen xestionen da *Comisión de Estudios en Galicia*, sección da *Junta para Ampliación de Estudios*, a concesión dunha pensión para ir a Bretaña co fin de analizar “in situ” as súas numerosas e diversas, con frecuencia monumentais, cruces de pedra¹⁵. A bolsa –era a segunda que lle concedía a *Junta*¹⁶– foille outorgada por unha Real Orde datada o 13 de agosto de 1928, se ben Castelao conseguiu que a súa efectividade se lle transferise ó ano seguinte, 1929¹⁷, ano durante o que, entre maio e agosto, tal como xa comentei, residiu no territorio bretón¹⁸.


Durante a súa estancia, empezando por Quimper¹⁹, Castelao percorreu detidamente Bretaña²⁰, unha terra coa que se identificou de inmediato, dadas as súas afinidades xeográficas e culturais con Galicia²¹, tomando nota minuciosa, axudado en ocasións pola cámara fotográfica²², de todo canto vía. Completaban esas observacións do natural, moi precisas a pesar dos problemas que tiña cos seus ollos²³, a compra de libros sobre Bretaña²⁴ e as consultas nas bibliotecas do país²⁵, actuacións que lle permitiron estar moi ben informado de todo canto lle interesaba.



Cuberta da memoria mecanografada *Las cruces de piedra en Bretaña*, presentada por Castelao en 1929 á *Junta para Ampliación de Estudios*.

Ó seu retorno a Galicia, procedeu Castelao con rapidez a sistematizar os cuantiosos materiais recollidos en Bretaña para, ante todo, entregar á citada *Junta* a pertinente memoria xustificativa da pensión que se lle concedera. Unha copia mecanografada deste texto, sen as fotografías que acompañaban ó orixinal²⁶, áchase no arquivo do Museo de Pontevedra²⁷. As súas conclusións presentaranse tamén como traballo do curso 1929-1930 na Sección de Etnografía e Folklore do *Seminario de Estudos Galegos*²⁸, institución que, finalmente, asumíu a súa publicación como monografía, tarefa culminada sen a penas modificacións –as poucas que ofrece non afectan ó contido básico da investigación– con respecto á mentada memoria o 15 de maio de 1930 nos Talleres Antúnez de Pontevedra.

Este libro, de 80 páxinas, estrutúrase, tralas obrigadas palabras introductorias (*Verbas limiares*, pág. 5), nas que Castelao alude á necesidade de coñecer as cruces de pedra dos Fisterres para poder levar a cabo unha análise comparativa de todas elas, sinalando tamén a transcendencia que posuía o exame das ubicadas en Bretaña para o coñecemento e precisa valoración das emprazadas en Galicia, en



Texto definitivo, mecanografado e corrixido á man por Castelao, de *As cruces de pedra na Galiza*.

cinco capítulos de entidade e significación moi variadas: Cruces Primitivas; Megalitos Cristianizados; Cruceiros; Cruceiros-Púlpitos e Calvarios. Tres láminas, cada unha delas con catro fotografías da súa autoría²⁹, e un total de 151 espléndidos debuxos³⁰ ilustran este magnífico libro, complementado así mesmo cunha selecta e axustada bibliografía.

Este estudio, modélico e capital na súa época, incluso en Bretaña, onde,



Unha das páxinas do artigo "Sant'iago na Bretaña" publicado na revista *Nós* en 1930.

recompilación de información, por moi exhaustiva que esta resultase. Castelao, en efecto, non se conformou unicamente con ver, anotar e reproducir. Tamén xulga, interpreta, valora e emite hipóteses, algunhas rechazadas por el mesmo posteriormente. Así sucede, por exemplo, coa cuestión, aínda hoxe debatida, da orixe dos cruceiros bretóns, monumentos que para el terán maior interese que os Calvarios (Calvaires) polas súas indubidables similitudes, dificilmente considerables como casuais, cos galegos. Nesta monografía sospeita que os modelos bretóns poden ter o seu arranque en Galicia, sendo a súa implantación naquel territorio francés unha consecuencia máis da espectacular e intensa pegada que alí exerceron, como en tantos outros lugares, as peregrinacións a Santiago de Compostela³⁴. Anos máis tarde, cando escriba o seu extraordinario libro sobre *As cruces de pedra na Galiza*, variará substancialmente a súa opinión. Afirmará entón que o nacemento do cruceiro produciuse no século XV, debendo vincularse a súa aparición ás predicacións de San

como en Galicia, estas obras non merecían excesiva consideración por aquelas datas³¹, tiña como misión primordial –así o recoñeceu Castelao en repetidas ocasións³²– recoller datos que lle servisen de axuda na preparación do libro que sobre as cruces de pedra en Galicia decidira escribir ó ser recibido no *Seminario de Estudos Galegos*³³. Ó lelo, sen embargo, apréciase inmediatamente que o traballo de Castelao sobre Bretaña é algo máis que unha simple



Reverso da carta remitida polo médico Ramón González Sierra a Castelao aproveitado por este para debuxar.

Vicente Ferrer, quen estivo en Galicia nunha ocasión, en 1412, e en Bretaña en dúas, morrendo precisamente aquí, en Vannes, en 1419. Este feito, segundo el, permitiría explicar as semellanzas existentes entre os cruceiros de ámbolos dous países, que terían un antecedente común nas cruces de termo tan frecuentes nas terras do Levante español, en especial en Valencia, de onde proceden e onde precisamente nacera o mencionado santo³⁵.

Non vou entrar agora na discusión pormenorizada do asunto que acabo de comentar, xa que tal circunstancia afastaríame en exceso da pretensión fundamental deste texto³⁶. Baste indicar agora que na actualidade resulta moi difícil de aceptar plenamente esta lectura/interpretación de Castelao, xa que contamos con testemuños seguros que confirman que existían cruceiros ou, se se quere, para ser máis exactos, cruces monumentais antes da chegada a Galicia de San Vicente Ferrer³⁷, quen, non obstante, si puido ter contribuído dun xeito decisivo á difusión nos dous países, Bretaña e Galicia, de tan significativos monumentos pétreos³⁸.

O paso por Bretaña e o exame atento e rigoroso das súas cruces de pedra, estudiadas xa tanto desde un punto de vista puramente formal como desde unha óptica conceptual, é dicir, valoradas arqueolóxicamente e antropoloxicamente, deténdose dun xeito particular, no que respecta a esta última vertente, na indagación de cáles podían ter sido as causas determinantes da erección e da elección do emprazamento das distintas pezas, marcará inequivocamente a progresión investigadora de Castelao sobre estas obras. Tan notoria será esa pegada que, cando redacte o seu valioso e case definitivo libro sobre as cruces pétreas en Galicia, unha monografía que, segundo xa sinalai, non chegaría a ver impresa na súa totalidade³⁹, utilizará a mesma metodoloxía, isto é, enfrontarase ás cruces con ese dobre criterio reseñado, disporá capítulos con títulos e contidos moi semellantes e, o que resulta aínda máis transcendental, servirase da comparación dos exemplares bretóns cos galegos, da avaliación das súas semellanzas e diferencias tipolóxicas, iconográficas, etc., para sistematizar, nos seus caracteres máis definitorios, os trazos máis xenuínos dos monumentos pétreos asentados na súa terra de orixe⁴⁰.

Bretaña e a súa inxente nómina de cruces de pedra, pois, estarán permanentemente presentes nas reflexións de Castelao, asombrando aínda hoxe a exactitude dos seus esquemas e a validez de gran parte das súas opinións, non superadas no esencial, vistas como un todo, polas máis recentes aportacións sobre o tema⁴¹.

O tempo pasado nas terras de Bretaña permitiu a Castelao facer acopio doutros materiais distintos daqueles que motivaran especificamente a súa viaxe. Recolleu tamén, por unha

Detalle do calvario de Saint-Thégonnec, un dos debuxos de *As cruces de pedra na Bretaña*.



parte, testemuños diversos da presenza do culto ó Apóstolo Santiago en territorio bretón. Eses datos foron publicados na Revista *Nós* en dous artigos que titulou da mesma maneira, *Sant'Iago na Bretaña*, o primeiro, redactado “in situ”, inserido no número 67, ofrecido o 25 de xullo de 1929⁴²; o segundo, incluído no número 79, aparecido xustamente un ano despois⁴³.

Por outro lado, como se desprende con claridade do legado que de Castelao conserva o Museo de Pontevedra, tomou apuntes, case compulsivamente, de toda clase de monumentos (non só cruceiros), tipos, escenas e costumes bretóns. Boa parte destes debuxos a lapis están realizados en follas das mesmas dimensións (26'9 x 20'8 cm.), confirmando a numeración correlativa, do 1 ó 50, que figura na marxe ou na esquina superior dereita, que pertencen a un mesmo caderno ou bloc, do tipo comunmente chamado de espiral de alambre⁴⁴. Compoñen estas cincuenta follas o habitualmente denominado *Álbum de Bretaña*⁴⁵, mostra excelsa das portentosas facultades de Castelao como debuxante, sendo importantes así mesmo polo seu impagable valor documental.

Outras doce follas de tamaños moi dispares, todas, en calquera caso, menores que as do *Álbum*, unhas con debuxos a lapis, outras a pluma, algunha con anotacións ou apuntes tamén no reverso (unha, incluso, cunha carta manuscrita⁴⁶), con asuntos practicamente idénticos ós que nos ofrece aquel, completan a colección de obras realizadas por Castelao en Bretaña que hoxe custodia o Museo de Pontevedra⁴⁷. Agás a aparición dalgunha paisaxe⁴⁸, nada ofrecen de novidoso con respecto ás do *Álbum* desde o punto de vista temático, reiterando, pois, a súa curiosidade, a súa vontade de captar e recoller, de fixar e perpetuar, todo o que chamaba a súa atención nun país que, a teor do que cabe deducir de todo este fantástico repertorio, sentía xa como seu.

XOSÉ CARLOS VALLE PÉREZ

Director do Museo de Pontevedra

NOTAS

1.- O 7 de maio é a data que figura no mataselos de senllas postais que desde Quimper envía Castelao a Casto Sampedro e Francisco Javier Sánchez Cantón. Son os primeiros testemuños coñecidos da súa estancia en terras bretonas. O inicio da segunda abunda no que se di no texto: "*Querido Javier: Ya llevo varios días en Bretaña.*" (O texto das dúas postais, conservadas no Museo de Pontevedra, publícase no *Epistolario* de Castelao, tomo 6 das súas *Obras*, coordinadas por H. Monteagudo e editadas en Vigo no ano 2000 pola Editorial Galaxia. Teñen, respectivamente, os números 61, páxs. 141-142, e 60, páx. 141). Non hai que descartar por completo, en calquera caso, que chegara á Bretaña nos últimos días de abril. Se, como di Castelao nunha carta que escribe ós seus pais desde Saint-Brieme (Véxase nota 3), o 24 de agosto remataba a pensión de catro meses que lle concederan, hai que supoñer que a súa partida debeu producirse cara ó 24 de abril (é unha mágoa que non estea datada a carta que lle remite a María Taboada Deus, *Epistolario*, cit., nº 59, páxs. 140-141, pois nela di que ese mesmo día sae para Francia). O feito de que a viaxe fose vía París (alude á cidade nesta carta, corroborando o paso por ela, previo ó asentamento na Bretaña, outro dato que se menciona, máis abaixo, neste mesmo traballo) non se opón necesariamente á arribada moi a finais de abril. A xusteza dos prazos, non obstante, fai máis verosímil a chegada nos primeiros días de maio.

2.- Desa similitude decatouse de inmediato Castelao. Na postal que lle escribe a Sánchez Cantón, mencionada na nota precedente, di: "*Esto resulta interesante y la vista se regala viendo cosas y gentes que parecen nuestras*".

3.- Nunha carta, sen data, remitida desde Saint-Brieme ós seus pais, coméntalles Castelao que "*el día 24 de este mes (agosto) termina la pensión de cuatro meses*", afirmando no último parágrafo que chegarán a París "*hacia el 21 ó 22 de este mes (agosto)*" (*Epistolario*, cit., nº 69, páxs. 148-149).

4.- A teor do que se deduce da carta reseñada na nota anterior, debeu abandonar Bretaña ó redor do 20 de agosto.

5.- Na mesma sesión de traballo, a segunda que celebraba o *Seminario*, foron tamén elixidos Vicente Risco e Antonio Losada Diéguez. Véxase, entre outros, X. FILGUEIRA VALVERDE, "*Castelao e os estudos galegos*", *Faro de Vigo*, 28-VI-1984 (recollido en *Castelao na lembranza*, Cuarto Adral, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1987, páxs. 104-119, en particular páx. 112), e A. FRAGUAS FRAGUAS, "*Castelao e o Seminario de Estudos Galegos*", en J. G. BERAMENDI e R. VILLARES, eds., *Actas Congreso Castelao (Santiago de Compostela, 24-29 novembro 1986)*, Tomo I, Santiago, 1989, páxs. 43-44, en concreto páx. 44.

6.- X. FILGUEIRA VALVERDE, "*O que foi o Seminario de Estudos Galegos*", en *Seminario de Estudos Galegos (1923-1973): Cincuentenario da súa creación*, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 27ª Exposición, Santiago de Compostela, julio de 1973, Santiago, 1974, páxs. 5-18, en particular páx. 5.

7.- Seminario de Estudos Galegos, *Dez cursos de traballo, 1923-1934*, 2ª edición, Compostela, 1934, páx. 19. Para unha valoración global das pretensións do *Seminario* e dos seus logros específicos, sorprendentes desde tódolos puntos de vista, confróntese dun xeito especial, ademais do libro que acabo de reseñar, o *Catálogo* da exposición conmemorativa do cincuentenario da súa creación, mencionado na nota precedente, con textos de X. Filgueira Valverde, xa citado, e de A. Fraguas Fraguas.

8.- A súa edición, tal como se recolle no Colofón, rematou nos talleres da imprenta López, de Buenos Aires (Arxentina), o 28 de xuño de 1950, data elixida, sen dúbida, por ser a da conmemoración do 14 aniversario do plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia. No mes de decembro de 1949, sen embargo, xa se tirara o primeiro prego do libro para que Castelao, moi enfermo, puidese, tal como se indica no citado Colofón, firmar os que estaban destinados ós exemplares "*especiais e numerados*". Lembremos, a este respecto, que Castelao morreu o 7 de xaneiro de 1950, meses antes, pois, da impresión total do libro.

9.- Ocupan esas *Verbas* as páxs. 7-9 da edición referida. Nelas deixa claro que non lle parecera suficiente o que presentara no solemne acto de ingreso no *Seminario*: "*algúns froitos artísticos e literarios saídos do meu probe enxeño*". Eses froitos foran unha exposición de debuxos e acuarelas (entre aqueles estaba o *Álbum Nós*) e a lectura dun texto que, co título de *A carón da natureza* e a modo de prólogo, incorporaría Castelao ó primeiro libro de *Cousas*, publicado na Coruña en 1926. Sobre as relacións de Castelao co *Seminario*, no que ingresou o 4 de maio de 1924 xunto co reputado Arcebispo de Santiago Manuel Lago González, remítome en particular ós artigos que mencionei na nota 5.

10.- As datas extremas que figuran no *Diario* que redacta durante esta viaxe son o 26 de xaneiro e o 10 de outubro. Este *Diario*, custodiado no Museo de Pontevedra, foi publicado en 1977, conxuntamente, pola Editorial Galaxia e o Museo de Pontevedra. En 1986 a Deputación Provincial de Pontevedra publicou a súa edición facsímil.

11.- Véxase, en última instancia, X.C. VALLE PÉREZ, "*Castelao e as cruces de pedra*", no catálogo da exposición do mesmo título, Pontevedra, 1999, páxs. 7-15, en particular páx. 13.

12.- Da súa preocupación por documentarse é boa proba o que escribe nas xa citadas *Verbas limiares* de *As cruces de pedra na Galiza*. Véxase, en concreto, a páx. 8.

13.- M.A. SEIXAS SEOANE, "*Cronoloxía*", en *Para ler a Castelao*, Tomo 1 das *Obras de Castelao*, cit., páxs. 9-40, en particular páx. 24.

14.- Resulta moi ilustrativa a este respecto a carta que, desde Pontevedra, lle escribe Castelao a Juan López Suárez o 4 de febreiro de 1928. No segundo parágrafo di: "*Mi entrañable Losada y V. tienen razón; yo debo salir de aquí con mi mujer*"

(Castelao, *Epistolario*, cit., carta nº 48, páxs. 107-109. A carta consérvase no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela).

15.- A intervención dos amigos apréciase con toda nitidez na correspondencia de Castelao do ano 1928 (Véxanse, do citado *Epistolario*, as cartas nº 48, 50, 53, 55 e 58, páxs. 107-109, 111-116, 120-126, 129-131 e 138-139). Sobre ese contexto poden confrontarse tamén as consideracións de V. PAZ-ANDRADE, *Castelao na luz e na sombra*, Segunda edición revisada e ampliada, Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1986, páxs. 253-254, e X. FILGUEIRA VALVERDE, "A viaxe a Bretaña de Castelao", *Galicia de Madrid*, Año V, nº 18, Segunda etapa, Madrid, julio-septiembre, 1986, páxs. 9-10 (recollido tamén en *Castelao na lembranza*, cit., páxs. 154-161).

16.- A primeira permitíralle visitar en 1921 Francia, Bélxica e Alemaña. Véxase a nota 10.

17.- X. FILGUEIRA VALVERDE, "A viaxe a Bretaña de Castelao", cit., páxs. 155-156.

18.- Sobre o período exacto da permanencia en Bretaña, véxase, non obstante, o que indiquei na nota 1.

19.- Na postal que lle escribe a Sánchez Cantón o 7 de maio, reseñada na nota 1, así o afirma Castelao.

20.- A correspondencia conservada, a pesar de que non é moi cuantiosa, infórmanos perfectamente do seu movemento polas terras bretonas.

21.- Recórdese o texto da postal que enviou a Sánchez Cantón invocado na nota 2.

22.- A memoria sobre as cruces de pedra na Bretaña que se menciona máis abaixo, enviada como xustificación da pensión á *Junta para Ampliación de Estudios*, ía ilustrada por fotografías da súa autoría. Figuran tamén no libro que sobre o asunto se editou en Pontevedra en 1930. Outras copias consérvanse así mesmo no arquivo do Museo de Pontevedra e poden ser vistas na exposición á que acompaña este catálogo. Confróntese tamén o que se di máis abaixo, no texto.

23.- A súa doenza menciónase en varias ocasións na correspondencia bretona tantas veces reseñada xa nas notas precedentes.

24.- Catorce títulos figuran no apartado específico referido a Bretaña do "Catálogo de la biblioteca de Castelao", publicado por M. ALSINA GÓMEZ-ULLA, *El Museo de Pontevedra*, XXX, (1976), páxs. 81-137, en particular páxs. 119-120.

25.- Nunha das postais que envía a Casto Sampedro, datada o 15 de maio, alude Castelao xa a "la magnífica biblioteca bretona de Quimper" e fala con admiración do seu erudito bibliotecario. (Véxase o texto completo desta postal, conservada no Museo de Pontevedra, no *Epistolario*, cit., nº 62, páxs. 142-143).

26.- Véxase a nota 22.

27.- Fondo Castelao, Caixa 1, nº 41.

28.- X. FILGUEIRA VALVERDE, “*A viaxe a Bretaña de Castelao*”, cit., páx. 157. Alude Castelao á terminación do seu traballo sobre as cruces de Bretaña, expresando á vez o seu desexo de “*ir a Sant’iago para leel-o no Seminario*” nunha carta sen data, asignable ó tramo final do ano 1929 polo seu contido, que lle dirixe ó seu director, D. Salvador Cabeza de León. Conservada no *Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento*, publícase no tantas veces mentado *Epistolario*, cit., carta nº 70, páx. 149.

29.- Véxase a nota 22.

30.- Como se indicará no apartado correspondente da exposición, non se conservan actualmente tódolos orixinais.

31.- Baste dicir, en apoio desta afirmación, que o libro de Castelao só foi traducido ó francés en 1987, isto é, cincuenta e sete anos despois da súa publicación en Pontevedra.

32.- Véxanse, sen máis, as tantas veces citadas *Verbas limiares* do libro que estamos a comentar.

33.- Véxase o que se comentou, máis arriba, no texto.

34.- *As cruces de pedra na Bretaña*, cit., páx. 38.

35.- *As cruces de pedra na Galiza*, cit., páxs. 115-117.

36.- Preparo sobre este asunto, desde hai tempo, un estudio monográfico. Confío en poder rematalo proximamente.

37.- J. FILGUEIRA VALVERDE, “*Cruceiros*”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, II, (1946-1947), páx. 147, aporta o dato de que en 1215, nun documento custodiado na Catedral de Lugo, xa se alude a un cruceiro como referente topográfico.

38.- J. C. VALLE PÉREZ, “*Cruceiros*”, *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo 8, páxs. 49-59, en particular páx. 49.

39.- Véxase a nota 8.

40.- *As cruces de pedra na Galiza*, cit., páxs. 97-176.

41.- O mesmo sucede co seu estudio de conxunto sobre as cruces de pedra en Galicia.

42.- Páxs. 115-121.

43.- Páxs. 124-127.

44.- Descoñecemos desde cándo estas 50 follas deixaron de formar parte dun álbum, isto é, desde cándo están individualizadas.

45.- O debuxo da folla número 1 non está realizado en Bretaña. Trátase dun torso de Cristo pertencente, tal como especifica o texto, ó Museo parisino de

Cluny. Este dato, á marxe de indicarnos que comezou a utilizar o álbum antes de chegar a Bretaña (cabe pensar tamén, aínda que o feito non teña especial relevancia, que o mercou na capital francesa), certifica que o traslado de Castelao ata aquel fisterre atlántico fíxose vía París, cidade pola que si sabemos documentalmente que pasa ó seu retorno (recórdese a carta que lle escribe ós seus pais en agosto de 1929 desde Saint-Brieme, mencionada na nota 3).

46.- Trátase dunha carta que lle escribe Ramón González Sierra, oculista de Vigo, no que este fai diversas consideracións sobre a marcha da doenza de Castelao. Este aproveita o reverso dunha cuartilla para incluír dous debuxos e outros tantos textos sobre unha roda, unha balanza e outros obxectos de ferro localizados en Pouldavid.

47.- Algúns destes debuxos, curiosamente, nada teñen que ver con Bretaña como referente. son reproducións das ilustracións dun libro de Georg Hölscher titulado *Das Buch von Rheim*. O seu respecto pola fonte é tal que incluso anota a páxina que copia. A presenza nestas obras de cruceiros/cruces ou de estruturas que podemos asimilar ás capeliñas galegas, indícanos que Castelao está facendo acopio de información para a preparación do seu estudio sobre as cruces de pedra en Galicia, motivo esencial, á marxe das circunstancias anímicas específicas do momento, do seu traslado a Bretaña.

48.- Aparecen nos debuxos mencionados na nota precedente.

A EXPOSICIÓN



A mostra á que complementa este catálogo ten como finalidade conmemorar o 75 aniversario da estancia de Castelao en Bretaña (Francia). Está preparada, en boa medida, con fondos pertencentes ó Museo de Pontevedra. Os doutras procedencias, tanto cartas como debuxos, serven para documentar aspectos esenciais da orixe do periplo e dos resultados da viaxe por terras bretonas. Uns e outros conforman un conxunto de materiais nunca vistos reunidos, como un todo orgánico, ata hoxe.

A exposición estrutúrase nos seis apartados que a continuación se detallan.


I.- AS CRUCES DE PEDRA NA BRETaña.


Integran este capítulo 120 dos 151 debuxos orixinais que ilustran o libro *As cruces de pedra na Bretaña* (Pontevedra, 1930). A maior parte dos 31 que restan para completar a nómina están en paradeiro descoñecido. Só temos localizados no momento actual, en coleccións particulares, catro. Non foi posible conseguir o seu préstamo para a exposición. Os que nesta figuran pertencen á familia Castelao.

Completa esta sección unha copia en castelán, sen fotografías, da memoria remitida por Castelao á *Junta para Ampliación de Estudios* como xustificación do labor realizado coa bolsa que lle concedera para facer en Bretaña o estudo sobre as súas cruces de pedra.





















50



101.
Plougastel-Daoulas

52




103.
Hopital-Camfrout

53




104.
Loperec



107.
Quimper

58



109.



Kerfeunteun

63



114.


(Finistère)







2.- O ÁLBUM DE BRETaña

Conforman este capítulo as 50 follas repletas de debuxos (monumentos, non só cruceiros, tipos, escenas e costumes, etc.) que compoñen o usualmente coñecido como *Álbum de Bretaña*. É a primeira vez que se poden contemplar, xuntos, tódolos orixinais (ata o de agora, só se viran parcialmente ou, na súa totalidade, en reproducións ampliadas, como sucedeu na exposición coa que a Galería Sargadelos abriu en 1998 as súas instalacións en Pontevedra).












3.- OUTROS DEBUXOS DE BRETaña OU FEITOS EN BRETaña

Preséntanse neste apartado doce follas, distintas das anteriores (os seus tamaños, moi dispares, son sempre inferiores), repletas de debuxos que inciden nas mesmas pautas temáticas (monumentos, esculturas, tipos humanos, etc.), aparecendo como novidade algunhas paisaxes, estas, producto da copia das ilustracións dun libro *Das Buch von Rheim*, da autoría de Georg Hölscher.









Die Trömsenburg in Rüdesheim
Blick auf die Rochuscapelle
Jag. 24⁷
"Das Buch vom Rhein" z Georg Hölcher





4.- CORRESPONDENCIA

Ofrécese nesta sección, por un lado, unha escolma das cartas e tarxetas postais que Castelao enviou desde Bretaña a familiares e amigos. Complétase con outros testemuños escritos, anteriores ou posteriores á estancia, nos que Bretaña aparece como referente esencial do contido do documento.

Sr. D. J. López-Suárez


Mi querido amigo: He leído la carta que V. escribió a Lorada Diéguez y puede V. suponer cuanto le agradezco sus cariñosas palabras por lo que me ha escrito a mi desgracia; una desgracia por fotografías que me ha hecho mayor. "El tienen razón; ornées" y de los "calvaires" existe una chocante semejanza entre los cruceiros de ambos países, que tienen poco que ver a mi juicio con las "cruces de término" que hay en algunos puntos de España. Ha venido a mis manos un pequeño libro acerca de los "calvaires" que me ha hecho suponer que es cosa ya bastante estudiada en Bretaña. Pues bien; le parece a V. que yo debo solicitar una pensión de tres o cuatro meses para ir allá a conocer los "calvaires" y ver lo que han hecho los bretones? Lo tengo un interés enorme en ir a Bretaña, y en ir pensionado sólo lo tengo por la razón de que yo no dispongo de dinero para hacer un viaje por mi cuenta.

Si a V. le pareciese bien mi idea ¿quiere V. indicarme la cantidad que debo pedir? Conste que solicitaría la pensión como auxiliar del Instituto (total 125 pts. mensuales) y tendría

Carta de Castevalo dirixida a López Suárez, datada en Pontevedra o 4 de febreiro de 1928, solicitándolle axuda para a concesión dunha pensión para viaxar a Bretaña a estudar os cruceiros. Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela.



Postal dirixida por Castelao a Sánchez Cantón desde Bretona.
 Museo de Pontevedra



1287 Croix Mérovingienne à PLOURIVO
près Paimpol (C.-du-N.)

"Musée départemental breton" fonda-
do por la Sociedad arqueológica del
Finistère, es muy
importante y está
muy bien instalado.

Bretagne Coll. E. HAMONIC - St-BRIEUC
Cette Croix est peut-être le plus ancien monument chrétien
connu en Bretagne. Elle fut érigée, dit la tradition, en 827, par
Alain parbe-Torie, Duc de Bretagne, en souvenir d'une victoire
obtenue sur les Normands.



CARTE POSTALE
CORRESPONDANCE
BRETONNE
FINISTÈRE

REPUBLIQUE FRANÇAISE
40
20
FRANCAIS

Querido Don Casto: Desde
Quimper le mando mi
abrazo. Mándeme ^{en} lo que
quiera; mi dirección se la
daré siempre mi cuñada, pues
como ando de mi lado para
esto resulta difícil comunicar
a todos los amigos mi paradero.
Ya le contaré cuando nos veamos.
Recuerdos de mi mujer para todos
vos. y un abrazo de mi bien amigo
Castelao

Espagne
Sr. Dn.
Casto Sampedro
Pontevedra

Postal de Castelao, dirixida a
D. Casto Sampedro desde
Bretaña. Museo de Pontevedra



N.º 8304
 CARTE POSTAL


Vigo
 PENZOL

Triniper, 13-VI-1929
 Queridísimo: O caso de Antón
 Lousada desfixome, e aínda
 que as derradeiras novas que ce-
 tibo son bonas aínda teño medo. Eu
 supoño que aínda hi de velo.
 Máñana se dema quer saír para
 Douarnenez, Audern e Point du Raz
 e con iso xa deipo a Cornualla. Pero
 estar en Morlaix bastante días. Hoje
 comezarei un traballo para "Kós" e
 ínto tidus "Sant'Iago en Bretaña" e
 mandareivole apúña, de modo que
 podedes gardar par' o primeiro número
 o meus a metade dos próximos, pois
 será longo. Aportar a todos. E par' ti
 un feixe d'ela. Ten Castelao

Espagne
 Sr. Dr. Ramón Otero Pedrayo
 Catedrático
Orense

AROP 1.1.9

Postal de Castelao dirixida a Otero Pedrayo desde Bretaña, anuncián-dolle o comezo do artigo "Sant'Iago en Bretaña".
 Fundación Penzol. Vigo



Sr. Dn. Salvador Cabeza de León

Meu querido amigo: Xa din remate o meu traballo en col das
 cruces de Bretaña. Non é un traballo moi longo; pero levará moitos
 dibuxos, que xa están feitos. Dígame cando pode ir a Sant'iago para
 leel-o no Seminario. Seria comenente que non fosen moitos... Resulta
 dificultoso amosstrar os dibuxos a todes con oportunidade, estando
 leendo. Uns cantos amigos e redor d'unha mesa e todo sairá ben . pois
 o traballo pode resultar unha lata...

Como eu non dispoño de cartas sementas poderei publicar o meu
 traballo contando co Seminario. Non sei o que custaría o conto; pero
 creio non sexa moito, pois os dibuxos son a liña e o fotograbado
 non pode ascender a moito máis de unhas quifentas ou seiscentas pe-
 setas. Si o traballo lles parecese dino de ir á imprenta e houberse
 cartas non estaría mal publicalo deseguida, pois antetante pode apa-
 recer un libro alá en Bretaña e o meu traballo pode ser xa reseso...
 A miña primeira intención era publicar un libro en col dos cruceiros
 galegos e n'ese libro falar dos cruceiros Bretons; pero aínda compo
 traballar un pouco máis aínda na cousa dos cruceiros neses e cando
 publicase o tal tó aballo xa tería en que afinar me para facer compo
 racións.

Estou a sua disposición e non ten máis que avisarme.

Unha forte aperta do seu bó amigo e sempre a. s.


Castelao

Carta mecanografada de Castelao, dirixida a Salvador Cabeza de León, anunciándo-
 lle o remate do traballo sobre as cruces en Bretaña.

Instituto de Estudos Gallegos "Padre Sarmiento". Santiago de Compostela.

5.- DOCUMENTACIÓN SOBRE BRETAÑA

Móstranse neste capítulo, por unha parte, os libros sobre Bretaña comprados “in situ” por Castelao, integrados na súa biblioteca, e, por outra, un conxunto de fotografías da súa autoría, descoñecidas ou inéditas practicamente todas (só unha está publicada no libro sobre as cruces de pedra bretonas). En case todas elas aparece a súa muller, Virxinia Pereira, como protagonista clara da toma, non só como un complemento ou referente humano do monumento reproducido.



Dúas fotografías tomadas por Castelao á sua muller, durante a viaxe por Bretaña. Arriba diante do Calvario de Tronoën, á esquerda cun castelo bretón ó fondo.



Virxinia Pereira fotografada por Castelao no cruceiro do cemiterio de Commana.



Virxinia Pereira fotografada por Castelao nun cemiterio bretón.

6.- BIBLIOGRAFÍA

Exhíbense neste apartado os artigos publicados en 1929 e 1930 na Revista *Nós* sobre o Apóstolo Santiago en Bretaña e, en segundo lugar, exemplares de tódalas edicións realizadas ata o ano 2004 do libro *As cruces de pedra na Bretaña*.



SANT'IAGO NA BRETAÑA

POR CASTELAO.

Nas miñas andanzas por Bretaña a cata de cruces de pedra e nas poucas lecturas que podo facer, pol-o cativo estado dos meus ollos, atopo tanta fartura de lembranzas en col das pelengrinaxes a Compostela, que me arrisco a publicar iste traballo, nada mais que para aguilloar ós nosos novos traballadores. Ben sabido é que eu abafó no ambiente das bibliotecas e non viñen a Bretaña para remexer libros e papeles; mais o tempo está podre, chove a flo, e dá gusto enfiar palabras ó amor d'unha fiestra branca... Imaxínade, rapaces, o que tal pode haber eiquí e o que tal vos espera se vindes.

Os bretóns armoricanos foron sempre moi dados ás grandes pelengrinaxes e dispois da que chamaban o «Trou-Breiz», que consistía en visitar as cinzas dos seus sete Santos Bispos evanxelizadores da Armórica e creadores da nación bretona, a mais popular foi a pelengrinaxe a Sant'Iago de Compostela. Os bretóns alá fan en greas por mar e por terra, e isto pódeno atestiguar d'abondo as cantigas e tradicións populares recollidas. Apenas hay libro referente ó pasado de Bretaña onde non xurda algunha lembranza de Sant'Iago.

Sabido é que os bretóns veneran santos que non figuran nos calendarios, santos inventados pol-a súa imaxinación celta e canonizados pol-a súa piedade cristián, santos da súa raza sempre; mais o noso Sant'Iago foi tamén un santo bretón, coma calisquera dos vellos taumaturgos celtas arribados da Bretaña insular, porque tamén andivo por istas terras a conquistar almas, según contan as lëndas. Velahí unha: O río Vilaine, dende Redon ó mar, aparece dispois de fortes temporais, c'unha cinta d'escumas que vai pol-o meio do leito do río, e os habitantes de Rieux ollan iste fenómeno con certo temor porque ista cinta d'escumas é o *camiño de Sant'Iago*. Cántase que unha vez O Apóstolo remontaba o río camiñando por enriba das augas, e que estaba tan canso que quixo repousar en Rieux, que era unha vila grande; mais os habitantes d'ista vila eran uns *hugonotes* e non lle consentiron descansar. Entón o Santo alritouse e berrou en ton profético: —«¡Ou vila de Rieux, tí serás destruída!»—e seguindo seu camiño marchou a fundal-a vila de Redon. E foi por iso que en desagravio se lle erguen a capela que leva o seu nome (*Paul Sebillot, «Petite Légende Dorée de la Haute Bretagne», Nantes, 1897.*)

O estraordinario está en que moitas veces o noso Apóstolo foi preferido ós santos do país. Abonda lembrar que Sant'Iago é o patrón dos mariñeiros. ¡Patrón dos mariñeiros de Bretaña! Coma se dixésemos patrón do mais arriscado, do mais glorioso; porque cand'os mariñeiros bretóns escolleron por patrón a Sant'Iago erau os donos do mar. Outra vez o noso Apóstolo derrotou ós santos do país, como ten pasado por enxemplo en Loquiec, perto de Mortaix. Conta Le Braz que amostrándose desconforme con que o culto a San Kirek fose substituído pol-o culto a Sant'Iago respondeulle unha vella:

—San Kirek non foi mais que un Bispo e Sant'Iago foi un Apóstolo de Cristo. Un día, ou cicais unha noite, uns mariñeiros d'ista costa ollaron unha barca estrana, que tiña

Primeira páxina do artigo "Sant'Iago na Bretaña", publicado por Castelao no nº 67 da revista *Nós* o 25 de xullo de 1929.



Ilustración do artigo "Sant'Iago na Bretaña", publicado por Castelao no nº 67 da revista *Nós* o 25 de xullo de 1929.

SANT'IAGO NA BRETAÑA

por CASTELAO

No día de Galiza quero insistir n'un tema de gran simpatía para nós, ampliando as notas publicadas baix'o mesmo título no número 67 d'este boletín (T. VI, p. 114-121).

Nos coadernos de apuntes, lembranzas sempre garimosas da miña pelerinaxe por Bretaña, gardo moitos deseños referentes á figura do noso Sant'Iago, e d'eles escollo, para publicar, os que me pareceron mais xenuinamente bretóns. Ollade os dibuxos adxuntos e a vosa sensibilidade galega recoñecerá n'eles a enxebre representación do noso apóstolo.



Roscoff

de pé, sempre vestido de pelengrín, co bastón e sombreiro, adornado con cunchas de vieira. O Sant'Iago na Bretaña é o símbolo do gran camiñante e mais d'unha vez figura en aitude de andar, como pode verse no tipo de Roscoff; pero tal foi ali a costume de representar á Sant'Iago andando, que un grabado en madeira servía indistintamente como representación do apóstolo viaxeiro e do xudeu errante. ¡Quén sabe se da Bretaña saíu Sant'Iago por primeira vez vestido de pelengrín!

Con todo puden velo unha vez sentado ó xeito compostelán, na fonte miragreira de Trémevén (Fisterre). Este moimento é de fins do século XVI; n'el figura Sant'Iago, o

Nas miñas andanzas por aquelas terras irmáns, non vin á Sant'Iago na montaña, y-en troques atopeino á decotio nas vellas eirexas e santuarios do Armor. Xa temos dito que Sant'Iago foi patrón dos mariñeiros armoricáns e cicais por esta razón sómentes ollaredes a súa estatua nas eirexas da veiramar.

Os hós catadores da arte popular abrirán sempre os ollos nas capeliñas bretonas, onde as esculturas amostan a y-alma limpa dos santos celtas. Estes santos de pau son o mais irtidamente popular que hay ali, e os noxentos turistas andan á mercaos co mesmo espírito vãn con que mercan os fetiches negros que agora se levan...



Fonte de Trémevén

Artigo "Sant'Iago na Bretaña", publicado por Castelao no nº 79 da revista *Nós* o 25 de xullo de 1930.

ALFONSO R. CASTELAO

**AS CRUCES DE
PEDRA NA BRETAÑA**



Seminario de Estudos Galegos
Sant'Iago de Compostela, 1930

Primeira edición de *As cruces de pedra na Bretaña* feita polo Seminario de Estudos Galegos, en Pontevedra.



Edición de *As cruces de pedra na Bretaña* realizada por Edicións Castrelos, Vigo, 1974.

ALFONSO R. CASTELAO

**LES CROIX DE PIERRE
EN BRETAGNE**



Comité
Bretagne-Galice

C.R.B.C.

Edición francesa de *Les croix de pierre en Bretagne* feita polo Comité Bretagne-Galice e o Centre de Recherche Bretonne et Celtique, Rennes, 1987.

AS CRUCES
DE PEDRA NA
BRETaña
POR
CASTELAO

EDITORIAL GALAXIA

AS CRUCES
DE PEDRA NA
BRETaña
POR
CASTELAO

XUNTA DE GALICIA
EDITORIAL GALAXIA

Edicións de *As cruces de
pedra na Bretaña* da edito-
rial Galaxia, Vigo, 1992.

MUSEO DE PONTEVEDRA
DO 29 DE XULLO Ó 5 DE SETEMBRO



Deputación de Pontevedra



GASTELMO ER BRETTAÏA